

Estimados pais/nais:

Os nenos e as nenas aos que lles contan ou len contos descubrirán que ese momento de pracer está relacionado co libro.

Se fomentamos que os cativos vaian creando e aumentando a súa biblioteca persoal, a animación á lectura terá máis posibilidades de ser efectiva.

Se comentamos e valoramos con eles as historias, os seus gustos literarios iranse formando nas súas mentes.

Non obstante, este encontro decisivo entre os cativ@s e o libro NUNCA DEBE SER UNHA IMPOSICIÓN.

O verbo "ler" non admite imposición, do mesmo xeito que non podemos mandar "amar". O gusto pola lectura ten de nacer da vontade interior dos nenos e das nenas, sendo nós os que creemos as condicións para que iso se dea.

Por outra parte, os libros que lles proporcionemos deberán estar adaptados á súa idade e capacidade: non podemos darlle un cocido a un bebé.

Diante da inminente chegada das festas de Nadal e Reis, o Departamento de Normalización Lingüística quere poñer nas súas mans unha pequena lista de libros axeitados á idade do seu fillo, por se vostedes ou Os Reis queren agasallalos con algún.

Aproveitamos a ocasión para saudalos e desexarlles unhas felices festas e un bo ano 2.015.



LECTURAS RECOMENDADAS

2º CICLO

Nadal 2014/ 2015

***O pequeno mago.**

**Autor: Roque Cameselle.
Ed. Xerais.**

***O raposo e a mestra .**

**Autor: Manuel Rivas.
Ed. Xerais.**

***Ovos duros.**

**Autor: Teresa Lima e Marisa Núñez.
Ed. OQO.**

***Estudios Tex.**

**Autor: Abraham Carreiro.
Ed. Autoedición.**


**DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CEIP DE PETELOS**

Un premio nunha bolsa de patacas somerxe a Nuno e Marabilla nunha trepidante e misteriosa viaxe polo descoñecido universo dos debuxos animados. Os dous protagonistas coñecerán personaxes extraordinarios como o monstruoso Golo, a supernena troglodita Lume, o invisible Radón ou o malvado Escornabois.

Abraham Carreiro

Autoedición

ISBN: 9788461658251



A filla do carboeiro era coñecida pola súa intelixencia. O príncipe, atraído polo seu enxeño, rétaa a un xogo intelectual que acabará por marcar o destino das súas vidas...

Teresa Lima
Marisa Núñez
OOO Editora
ISBN: 978-84-9871-405-0



Las mariposas invaden el cuaderno de Mariano, aspirante a astronauta, futbolista y detective. Son de todas las formas, tamaños y colores. Pero ninguna vuela, pues están dibujadas.

David Fernández Sifres

Edelvives

ISBN 9788426386045

Jack y Annie prosiguen su búsqueda de los cuatro objetos que necesitan. A través de la casa del árbol comienzan una singular aventura en la que no faltarán el riesgo y la emoción. ¿A qué remoto lugar irán esta vez los dos hermanos?

Mary Pope Osborne

SM

ISBN: 978-84-675-3981-3

